

A ELECCIÓN RESPONSABLE

Elixindo produtos certificados PEFC, empresas e consumidores mostran o seu compromiso co medio ambiente

Utiliza madeira certificada PEFC. Material renovable, reciclable, biodegradable, resistente, flexible, lixeiro, duradeiro, baixo consumo enerxético nos procesos de transformación, almacén de carbono...



Deseño con diferenza. A madeira certificada é a materia prima ideal en arquitectura para poder realizar os deseños máis vangardistas, funcionais e sostibles.

Envases e embalaxes sostibles.

Os consumidores esperan que os envases de papel ou cartón dos produtos que adquiren teñan unha orixe sostible, se poidan reciclar facilmente e non prexudiquen a biodiversidade nin os bosques do planeta.



Usa papel certificado no teu traballo e no teu tempo de lecer. Cada vez máis fabricantes e distribuidores de papel e embalaxe, artes gráficas e editoriais, ofrecen aos seus clientes produtos papeleiros procedentes de materias primas de orixe sostible e/ou reciclado.



Biomasa, enerxía eficiente e sostible. Libera menos CO₂ á atmosfera que os combustibles fósiles tradicionais e ten unha alta eficiencia enerxética.



Moda sostible. O uso de tecidos de orixe forestal contribúe a un menor consumo de auga, enerxía e xera menos emisións de CO₂.



Imaxes: Biomasa Forestal, S.L., Carpintería Estelar, S.L., PEFC España, PEFC Galicia, Restaurate 'O Ruteiro'

Sabías que?

Usar madeira en lugar doutros materiais de construción aforra unha media de 0,9 toneladas de dióxido de carbono por metro cúbico.

Fonte: Edinburgh Centre for Carbon Management

Sabías que?

O papel é almacén de carbono, 1 kg. de papel almacena 1,3 kg. de CO₂.

Fonte: ASPAPEL, Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel e Cartón.

Sabías que?

A produción de tecidos de orixe forestal consume 1/3 da enerxía e 60 veces menos de cantidade de auga que a mesma produción de tecidos de algodón.

Fonte: LENZING

PEFC GALICIA

PROMOVENDO A XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE

Rúa Lope Gómez de Marzoa. FEUGA. D15
15.705 Santiago de Compostela
galicia@pefc.es Telf.: 981 523 736



Certificado PEFC

Impreso en papel que procede de bosques xestionados de forma sostible e fontes controladas

Financiado por:



AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

O que vendes é o que te distingue



A túa elección importa

Nun mundo con crecentes problemas ambientais, os consumidores interésanse pola sostibilidade dos bens que adquiren e esixen nas prácticas comerciais información e garantías de compromiso co medio ambiente.



A certificación PEFC ofrécelle aos consumidores a seguridade de que os produtos forestais que utilizan proceden de bosques xestionados sostiblemente.

PEFC distingue co seu selo os produtos procedentes de bosques certificados e que estiveron sometidos a estritos controis no seu proceso de produción, a través da cadea de custodia PEFC.

Para que os produtos procedentes de fontes certificadas leven o logo PEFC, a materia prima certificada debe ser rastrexada desde o bosque e ao longo de toda a cadea de subministración.

Só cando este proceso se verifique de forma independente e o produto conteña unha porcentaxe mínima do 70% de material certificado PEFC, o produto pode levar a etiqueta PEFC.



PEFC, Ferramenta de comunicación

PEFC é unha ferramenta de márketing e comunicación. As etiquetas, sobre todo, comunican.

Os consumidores esperan que os materiais utilizados nos produtos que compran teñan un impacto mínimo sobre o medio ambiente e a etiqueta PEFC é unha maneira clara de que as organizacións fagan visible o seu compromiso coa subministración responsable.

Asociar unha marca á etiqueta PEFC demostra que os produtos con base forestal como o papel, a madeira, a cortiza, as resinas e, mesmo, os alimentos, proveñen de fontes non conflitivas e ben xestionadas. Isto é cada vez máis importante xa que os consumidores son moi conscientes do impacto das súas decisións de compra e toman en consideración as etiquetas ambientais.

POSICIONAMENTO

A etiqueta PEFC é un factor diferenciador clave no mercado de produtos forestais.

Apostando por PEFC, as empresas adquiren un liderado e unha vantaxe competitiva fronte ao resto dos provedores da cadea de valor.

A esixencia de sostibilidade tamén se reflicte nas políticas de contratación de moitos gobernos e empresas, que especifican a certificación PEFC como requisito para a selección de provedores e a adquisición de produtos.

CONFIANZA E COMPROMISO

A etiqueta PEFC demostra que as empresas empregan materiais ambiental e socialmente responsables, o que xera confianza no consumidor e permite recoñecer o compromiso corporativo coa sostibilidade.

REDUCCIÓN DE RISCOS

PEFC asegura a rastrexabilidade das materias primas ao longo da cadea de valor, reducindo o risco de que se incorpore material forestal procedente de fontes conflitivas. A etiqueta PEFC garante unha cadea de subministración transparente, rastrexable e segura.

SUBMINISTRACIÓN SEGURA

Como PEFC é a maior fonte global de produtos forestais sostibles, hai unha maior dispoñibilidade e variedade de materias primas certificadas. PEFC está implantado nos cinco continentes, polo que elixir PEFC é asegurar a subministración de materias primas responsables.

VISIBILIDADE

Utilizar a etiqueta PEFC sobre os teus produtos e as súas embalaxes, dándolle visibilidade á túa certificación a través da páxina web, nos catálogos e materiais comerciais, na papelería corporativa, tarxetas de visita, nas feiras e eventos nos que participes, nas redes sociais etc., demostrando o teu compromiso coa sostibilidade, pode axudarche a acceder a novos clientes concienciados social e medioambientalmente.

